

# THE LAUNDROMAT: DINEIRO SUCIO

# 595

Steven Soderbergh, 2019

ESTREA EN NUMAX: 27.09.2019 | V.O.S.E.

*The Laundromat* (2019, 95')

**Dirección:** Steven Soderbergh

**Guión:** Scott Z. Burns (Libro: Jake Bernstein)

**Elenco:** Meryl Streep, Gary Oldman, Antonio Banderas, David Schwimmer, Alex Pettyfer, Will Forte, James Cromwell, Matthias Schoenaerts, Nonso Anozie, Melissa Rauch, Robert Patrick, Jeffrey Wright, Amy Pemberton, Chris Parnell

**Montaxe:** Steven Soderbergh

**Fotografía:** Steven Soderbergh

**Dirección de arte:** Samantha Avila, James Bolenbaugh, J. Mark Harrington

**Vestuario:** Ellen Mirojnick

**Son:** Gerard Vernice

**Produtora:** Grey Matter Productions, Anonymous Content, Netflix, Topic Studios (Estados Unidos)

**Distribuidora:** Tri Pictures

**Formato de proxección:** DCP2K

**Idioma orixinal:** Inglés, Hindi

## FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

*Sex, Lies, and Videotape*, 1989

*Traffic*, 2000

*Erin Brockovich*, 2000

*Ocean's Eleven*, 2001

*Solaris*, 2002

*Che*, 2008

*The Girlfriend Experience*, 2009

*Logan Lucky*, 2017

## SINOPSE

Unha viúva (Meryl Streep) investiga unha fraude ao seguro. Todas as pistas conducen a dous avogados de Cidade de Panamá (Gary Oldman e Antonio Banderas) que se benefician das lagoas do sistema financeiro mundial. Filme sobre os Papeis de Panamá, investigación xornalística do 2017 na que tras unha filtración dun despacho de avogados se desvelou que importantes personalidades mundiais tiñan patrimonio non declarado en bancos de Panamá, paraíso fiscal.

«Unha versión lite de *Traffic*. Presenta o Soderbergh máis alegre e obsesionado polo detalle»

VARIETY



# THE LAUNDROMAT: DINEIRO SUCIO

Steven Soderbergh, 2019

★  
EUROPA CINEMAS  
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

## Meryl Streep e Steven Soderbergh conversan ao redor de *The Laundromat*

Meryl Streep di que existe un Darwinismo na actualidade, e non porque a súa última película, a sátira de Steven Soderbergh sobre os Papeis de Panamá comece con homes das cavernas. A actriz considera que estamos nunha época na que só o máis forte sobrevive.

«Como nos facemos fortes para manter os nosos principios?, como facemos iso?», dixo. «Porque aqueles que non teñen principios queren poñerse ao fronte e tomar o liderado, iso é o que está a pasar».

É unha preocupación que case consome a Streep, unha das críticas máis abertas do presidente Donald Trump. E isto deulle forma ás películas nas que participa. *The Laundromat* colle parte da información máis densa e máis complicada para procesala nunha farsa que rompe a cuarta parede. A cinta está baseada libremente en *Secrecy World*, de Jake Bernstein. As historias de *The Laundromat* derivanse

da filtración de 2015 coñecida como Os Papeis de Panamá, que revelou 11,5 millóns de documentos, analizados pola organización de xornalistas International Consortium of Investigative Journalists (ICIJ), os cales desenmascararon unha rede internacional de compañías pantasma que ocultaban miles de millóns de dólares sen declarar.

Inspirada en parte pola película arxentina *Relatos salvaxes*, é unha visión cómica á evolución do sistema monetario entretece algunhas das máis de 200.000 historias dos Papeis. Gary Goldman e Antonio Banderas interpretan os avogados da firma Mossack Fonseca, que estaba no medio do escándalo, e serven como narradores, ataviados con esmoquin e con martinis na man. Streep interpreta a Ellen Martin, unha muller que trata de navegar polas enredadas capas das empresas pantasma, en busca dunha aseguradora que se responsabilice da morte do seu home nun accidente nun bote turístico.

Soderbergh quería que esta fose unha comedia vibrante sobre un negocio sucio e escuro. «Cada problema serio que enfrontamos agora como especie pode remontarse a algún tipo de corrupción. A traxectoria é bastante alarmante. No ano 2000 os 50 integrantes da elite financeira

eran propietarios dun terzo da riqueza do mundo. Agora son donos da metade. Iso non é sustentable», di. «Terase que reconstruír por acordo ou doutra maneira que non sexa agradable».

Soderbergh e Streep nunca traballaran xuntos antes. Pero quizais era inevitable que o fixesen ante a disposición de Streep para facer películas que causen impacto. Soderbergh é coñecido como un dos cineastas máis rápidos e o mes pasado filmaron outra película xuntos, *Let Them All Talk*, en tan só 13 días.

Fragmento do texto publicado en apnews.com  
Tradución: Olalla Cociña

### O director

Steven Soderbergh é guionista, director, produtor, director de fotografía e montador. O seu primeiro longametraxe, *Sex, Lies and Videotape* (Sexo, mentiras y cintas de vídeo, 1989), gañou a Palma de Ouro en Cannes e fue nomeada ao Oscar ao Mellor Guión Orixinal. No 2000 recibiu un dobre nomeamento ao Oscar ao Mellor Director por *Erin Brockovich* e por *Traffic*, que foi a que lle valeu o galardón. Destacan tamén na súa filmografía *Ocean's Eleven* (2001), *Che* (2008), pola que Benicio del Toro recibiu o Goya e o premio ao Mellor Actor en Cannes ou *Side Effects* (*Efectos secundarios*, 2013), que competiu en Berlín. *The Laundromat* competiu no último Festival de Venecia.

## NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | www.numax.org



## MARTA XA TEN O SEU ABONO PROTEXE

E ti, a que  
agardas para  
abonarte?



Se ti xa es de NUMAX  
e queres compartilo,  
fai unha foto co teu  
abono e compártea.

#eusondenamax